

DESENVOLVEMENTO
URBANÍSTICOXERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO**EXPEDIENTE :** 19785/411**ASUNTO:** Suspensión do prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM en revisión**Destinatario:**COLEGIO OFICIAL DE APAREJADORES,
ARQUITECTOS TECNICOS E INGENIEROS

PLAZA DE PORTUGAL 2 BAJO

VIGO 36201

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, mediante resolución do 4 de xullo de 2023, acordou “suspender o transcurso do prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM en revisión polo tempo que medie entre o día no que se realizou o derradeiro envío de documentación requerido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 29 de xuño de 2023, e a data de recepción do informe solicitado, cun prazo máximo de 3 meses”.

Por medio da presente dáselles traslado da resolución adoptada, aos efectos que procedan.

Er/

Vigo, na data da sinatura dixital

O XERENTE DE URBANISMO

Asdo. Carlos Hernández Figueruelo

ASINADO POR: XERENTE DE URBANISMO - (JOSE CARLOS HERNANDEZ FIGUERUELO) 06/07/2023 08:09:44

Documento asinado

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Departamento de Desenvolvemento Urbanístico

Praza do Rei, s/n (36202 Vigo – Pontevedra)

Tfno. 986 810 325

urb.planeamento@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2023 08:40

Páxina 1 de 1

CSV: A5A92E-E64F2H-53CCE8-Q2UCDW-NKS5XG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

XEFATURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO**EXPEDIENTE :** 19785/411**ASUNTO:** Suspensión do transcurso do prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM**INFORME-PROPOSTA**

De conformidade co disposto no artigo 12.1.e) dos Estatutos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a instancia da Vicepresidenta veño a realizar a seguinte

PROPOSTA

Ao abeiro da Lei 2/2017, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO), o Pleno do Concello de Vigo do 24/07/2019 aprobou definitivamente o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) (DOG do 26/08/2019 e BOP do 20/09/2019).

A vixencia de dito IOP estará condicionada o cumprimento polo Concello de Vigo do compromiso de tramitación do revisión do PXOM no menor prazo posible. A este fin o artigo 87 Dos. Da LMFAO establece os prazos de tramitación da revisión do pxom, como requisito inexcusable para o mantemento da vixencia do IOP. Estes prazos son de 1 ano para presentar o Borrador, 2 anos para aprobar inicialmente e 3 anos e medio para aprobar deficitivamente a revisión do pxom, todos os prazos a contar dende a publicación da aprobación definitiva do IOP. Prazo de vixencia do IOP que se incrementa polas consecuencias do RD 463/2020 disposición adicional terceira e cuarta, o que na práctica supón un incremento do prazo para a tramitación das diferentes fases de tramitación da revisión do pxom de 82 días. (3 anos e medio e 82 días)

O Concello de Vigo, co obxectivo claro de cumprir todos os requisitos establecidos na LMFAO e manter a vixencia do IOP ata a aprobación definitiva da revisión do PXOM, remitiu o Borrador do PXOM e o Documento Inicial Estratéxico o 28/05/2020 e Aprobou Inicialmente a revisión do PXOM o 26/08/2021. Todo elo conquistado a pesar do establecemento do estado de alarma derivado da crise do COVID 19.

En escrito remitido polo Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 15/05/2021, dita responsable autonómica comunica o Concello de Vigo que " para manter a vixencia do IMPOV (instrumento de medidas provisionais de ordenación), o concello de Vigo deberá xa aprobar inicialmente o novo planeamento nos próximos meses; sometelo a información pública e remitilo novamente a Xunta, quen recabará, en tres meses, todos os informes sectoriais de competencia autonómica, de xeito que o concello só terá que pedir os informes estatais."

.Escrito que reflicte o contido do artigo 60.7 da lei 2/2016,do solo de Galicia

"El ayuntamiento trasladará esta documentación al órgano competente en materia de urbanismo, el cual realizará las consultas previstas en el documento de alcance del estudio ambiental estratégico, dará audiencia a los municipios limítrofes y recabará los informes sectoriales autonómicos preceptivos, que habrán de ser emitidos en el plazo de tres meses, transcurrido el cual se entenderán emitidos con carácter favorable.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2023 08:40

Páxina 1 de 4

CSV: A4AD27-ED4H2A-54C381-9XVPQ6-KR17J1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

XEFATURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO

Cumplimentados los trámites anteriores, el órgano competente en materia de urbanismo remitirá al ayuntamiento su resultado, pudiendo continuarse el procedimiento”.

O Concello de Vigo aprobou inicialmente a revisión do PXOM o 26/08/2021, comezando a partir de este momento a solicitude de informes sectoriais., de tal xeito que o 22/09/2021 remitimos a documentación a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) para a emisión dos informes preceptivos. A resposta a esta solicitude de informes da Xunta recíbese o 8/02/2021, 4 meses e 17 días logo da solicitude do Concello. Neste proceso algún dos informes autonómicos foron desfavorables polo que iniciouse un proceso de corrección e de nova solicitude de informe.

Dentro destes informes compre sinalar o informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Neste caso, remitimos documentación para novo informe o 12/08/2022 tendo resposta o 27/12/2022 (4 meses e medio mais tarde) sendo o carácter do mesmo desfavorable. Deste xeito levamos 9 meses esperando por informes de patrimonio da Xunta.

O concello de Vigo, a pesar de que a lei do solo de Galicia establece un prazo máximo de emisión de informes autonómicos de 3 meses e “transcorrido o prazo sen que aquél se houbera emitido, poderanse proseguir as actuación”, para garantir a seguridade xurídica e o respecto o patrimonio, dende o convencimento da lealdade institucional entre o Concello e a Xunta, non só esperamos a recepción de ditos informes senón que seguimos a traballar para recoller aquelas cuestións pranteadas que correspondan as competencias municipais incorporándoas á revisión do plan.

Neste senso, logo de diferentes reunións co servizo provincial de patrimonio cultural da Xunta de Galicia e de varias reunións in situ a elementos singulares do noso pasado industrial, incorporamos diferentes cambios o documento de revisión do pxom para novo informe.

O tempo empregado na emisión dos informes precedentes, claramente por riba dos prazos legais e moi por riba do compromiso establecido por escrito polo Directora Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, non pode imputarse o Concello de Vigo, senón a outras administracións, especialmente cando o incremento nos prazos de tramitación do novo plan poderían supoñer a perda de vixencia do IOP, en ningún caso imputable o Concello de Vigo.

Por este motivo, e seguindo o sinalado polo informe do Secretario Xeral do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 23/01/2023 a XMU ante o terceiro envío de documentación para informe a Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Urbanismo e Ordenación do Territorio, a fin de conseguir informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e dada a espera acumulada nos envíos de documentación precedente, a Xerencia Municipal de Urbanismo instrumenta a suspensión facultativa de prazos, prevista no artigo 22.1.d) da LPACAP.

Deste xeito, e segundo establece o artigo 22.1.d) da LPACAP “ 1. El transcurso del plazo máximo legal para resolver un procedimiento y notificar la resolución se podrá suspender en los siguientes casos: ...d) Cuando se soliciten informes preceptivos a un órgano de la misma o distinta Administración, por el tiempo que medie entre la petición, que deberá comunicarse a los interesados, y la recepción del informe, que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2023 08:40

Páxina 2 de 4

CSV: A4AD27-ED4H2A-54C381-9XVPQ6-KR17J1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

XEFACTURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



igualmente deberá ser comunicada a los mismos. Este plazo de suspensión no podrá exceder en ningún caso de tres meses. En el caso de no recibirse el informe en el plazo indicado, proseguirá el procedimiento.” á Xerencia Municipal de Urbanismo del Concello de Vigo suspende os prazos de tramitación do plan xeral de tal xeito que ditos prazos volverán a activarse ca recepción dos informes solicitados ou co transcurso de 3 meses dende o inicio desta suspensión.

O Concello de Vigo remitiu a documentación requirida para conseguir o infome da AXI á revisión do PXOM á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 4 de abril de 2023, o prazo de 3 meses rematou o día 3 de xullo de 2023 sen que este concello recibira comunicación algunha por parte da Xunta de Galicia.

O Concello de Vigo remitiu o 28/04/2023 a nova solicitude de informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. O servizo provincial de Pontevedra require información complementaria o 16/05/2023. Dita información complementaria foi enviada o 22/06/2023 detectándose un erro na recepción de dito dita documentación polo que se fixo un novo envío o 29 /06/2023 que consta recepcionado. O Concello de Vigo habilita unha nova suspensión de prazos de tramitación da revisión do PXOM ante esta solicitude de informe sectorial preceptivo doutra administración.

Polo tanto, o requisito temporal de aprobación provisional do pxom para manter a vixencia do IOP, resulta agora, 3 anos en medio (lei2/2017) mais 82 días adicionais (RD 463/2020) mais 3 meses de suspensión por terceiro envío de documentación á AXI para informes preceptivos previos a aprobación provisional, mais o prazo de suspensión por terceiro envío de documentación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia cun prazo máximo de 3 meses dende o 29/06/2023.

ACORDO:

Primeiro.- Suspender o transcurso do prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM en revisión polo tempo que medie entre o día no que se realizou o derradeiro envío de documentación requerido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 29 de xuño de 2023, e a data de recepción do informe solicitado, cun prazo máximo de 3 meses.

Segundo: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Urbanismo de Galicia e o Rexistro de Planeamiento de Galicia aos efectos que procedan.

No lugar a data das sinaturas electrónicas

Carlos Hernández Figueruelo, Xerente



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2023 08:40

Páxina 3 de 4

CSV: A4AD27-ED4H2A-54C381-9XVPQ6-KR17J1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

XEFATURA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO**RESOLUCIÓN**

Visto o informe–proposta que antecede, no uso das facultades delegadas polo Alcalde mediante Decreto de Delegación de 29 de xuño de 2023 (BOP de 27/06/2023)

RESOLVO:

Primeiro.- Suspende o transcurso do prazo para acadar a aprobación provisional do PXOM en revisión polo tempo que medie entre o día no que se realizou o derradeiro envío de documentación requerido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, 29 de xuño de 2023, e a data de recepción do informe solicitado, cun prazo máximo de 3 meses.

Segundo: Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro: Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Urbanismo de Galicia e o Rexistro de Planeamiento de Galicia aos efectos que procedan.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estevez,

Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda

(Resolución do 19/06/2023)

DOU FE: José Riesgo Boluda, Secretario da XMU



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/07/2023 08:40

Páxina 4 de 4

CSV: A4AD27-ED4H2A-54C381-9XVPQ6-KR17J1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>